

# Fala Londres 5

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Intercambio


O alumnado de 3º/4º está realizando unha situación de aprendizaxe para desenvolver a expresión escrita. Para iso, están a intercambiar cartas en galego e inglés co alumnado do IES Terra de Trasancos, Narón, A Coruña. Posteriormente, esperamos seguir colaborando a través da súa visita e cun proxecto arredor da música.

The 3rd/4th grade students are carrying out a learning situation to develop their written expression. For this, they are exchanging letters in Galician and English with students from IES Terra de Trasancos, Narón, A Coruña. Later, we hope to continue collaborating through a visit and with a project around music.

## Obradoiro de filloas

Como anticipo das actividades programadas para celebrar o Entroido, o alumnado de galego do Cañada participou nun obradoiro de filloas. Desde elaborar o amoado, ata facer cadaquén a súa propia filloa... sen esquecer os risos, as cantigas e a creatividade á hora de adornar as súas elaboracións antes de comelas. Parabéns e a gozar do Entroido!!!

As an advance of the activities programmed to celebrate the Entroido, the Galician students of Cañada have participated in a pancake workshop. From making the cake, to making each one their own pancake... without forgetting the laughter, the songs and the creativity when it was time to decorate their creations before eating them. Congratulations and enjoy the Carnival!



## Entroido

Xinzo, Verín e Laza forman o triángulo máxico do entroido na provincia ourensá, pero no resto da Galiza tamén se vive o entroido de diferentes maneiras. O alumnado máis avanzado realizou unha exposición sobre as distintas celebracións en diferentes partes de Galicia. Os máis novos gozaron da gastronomía típica destas datas: orelas e filloas...

Xinzo, Verín and Laza form the magical triangle of the Carnival in the province of Ourense, but in the rest of Galicia, where the Carnival is also lived in different ways. The older students held an exhibition about the different celebrations in various parts of Galicia. The youngest enjoyed the typical gastronomy of these dates: orelas and filloas...



# Preparando a viaxe



En febreiro, tivemos a primeira reunión para a Viaxe da lingua que se vai realizar no mes de maio. Nesta primeira reunión, fixemos un avance do programa que inclúe facer parte do Camiño de Santiago, visitas a museos e espazos naturais das provincias da Coruña e Pontevedra.

In February, we had the first meeting for the Language trip that will take place in May. At this first meeting, we decided on a programme that includes doing a part of the Way of St James, as well as visits to museums and natural spaces in the provinces of A Coruña and Pontevedra.

# Mulleres de ciencia

Para conmemorar o Día da nena e da muller na Ciencia, adaptamos un conto de princesas que foi presentado en todas as linguas do centro. Ademais, o alumnado de galego elaborou infografías de mulleres de Ciencia na que polo menos tiñan que incluír a unha galega. Abordáronse diferentes facetas como a Medicina, a Física ou a Astronomía.


To commemorate the Day of the girl and the woman in Science, we adapted a tale of princesses presented in all the languages of the centre. In addition, the Galician students elaborated infographics of girls in science which at least had to include a Galician girl. Different fields such as Medicine, Physics or Astronomy were dealt with.



# Día de Rosalía

O alumnado de galego celebrou, o 23 de febreiro, o Día de Rosalía con varias actividades entre as que cabe destacar a dramatización da vida da autora para o alumnado de Infantil que acabou coa interpretación do poema Airiños, airiños, aires.

The Galician schoolchildren celebrated, on 23rd February, the Day of Rosalía with various activities among which it is worth highlighting the dramatisation of the life of the author for the Infant schoolchildren, which ended with the interpretation of the poem Airiños, airiños, aires.



QUE DIRÍA ROSALÍA?



23 DE FEBREIRO 2023

## #cumpriuseaxustiza

Ademais, o alumnado de cursos superiores realizou varias colaxes seguindo o lema proposto pola Asociación de Escritores en Lingua Galega que para este ano foi #cumpriuseaxustiza Rosalía ensinounos a escoitar os máis débiles. As súas palabras reflectiron un mundo de inxustizas e opresións contra as mulleres, os pobres, os emigrantes, a lingua... Baixo o título Que diría Rosalía? intentamos reflexionar sobre as inxustizas da sociedade actual e traballar os British Values.

In addition, the students of higher education courses held several collages following the motto proposed by the Association of Writers in the Galician Language, which for this year was #cumpriuseaxustiza Rosalía taught us to listen to the weakest. Her words reflected a world of injustices and oppression against women, the poor, emigrants, the language... Under the title: Que diría Rosalía? we intend to reflect on the injustices of today's society and work with British Values.

## Mulleres que inspiran

A proposta da Área de Galego para celebrar o Día internacional da Muller foi achegarse a aquelas que temos máis cerca e son fonte de inspiración. Deste xeito, o alumnado elixiu mulleres da súa familia ou do seu círculo de amizades como fonte de inspiración. Ademais de fixarse nos logros, aproveitamos para traballar os adxectivos cualificativos.

The Galician Area's proposal to celebrate the international Woman's day was to get closer to those who are nearest to us and are a source of inspiration. This way, the students selected women from their family or their circle of friends as a source of inspiration. In addition to focusing on the achievements, we take the opportunity to work on the qualifying adjectives.

## 8 DE MARZO - DÍA INTERNACIONAL DA MULLER QUE INSPIRAN



## Día da poesía

Co gallo de promover a poesía galego-portuguesa actual e achegar a cultura e a lingua ambos os dous países, traballamos co proxecto didáctico-cultural Aritmar e o alumnado recitou os poemas premiados no 2022: Anorak de pel de caribú, de Lúa Mosquera e E se eu fosse eu?, de Wilma Vieira.

In order to promote Galician-Portuguese poetry, and to bring the culture and language closer to both countries, we worked with the didactic-cultural project Aritmar and the students recited the prize-winning poems of the 2022 edition: Anorak de pel de caribú, by Lúa Mosquera and E se eu fosse eu? by Wilma Vieira.



ari[t]mar  
galiza e portugal

